

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 10/05/2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.1. Solicitude de subvención da Agrupación Cultural Breogán para gastos de funcionamento (Exp. 170/2019)

Dáse conta da instancia presentada por Pedro Vidal Sabucedo, en nome e representación da Agrupación Cultural Breogán de San Pedro de Moreiras, con CIF G32137267, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos de funcionamento e mantemento da agrupación.

A Agrupación Cultural Breogán está inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 25/04/2005. Segundo o artigo 2 dos seus estatutos, os fins da agrupación serán culturais sen interese lucrativo algún, e de acordo co establecido no artigo 3, para o cumprimento dos fins do artigo anterior a Agrupación organizará actividades culturais no campo da música, teatro, pintura, cine, conferencias, etc.

No orzamento municipal do exercicio 2019 está prevista unha subvención nominativa baixo a modalidade de concesión directa de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións; e no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén, polo importe máximo de 3.600,00 €. Con data 15/02/2019, esta Xunta de Goberno Local aprobou a sinatura dun convenio de cooperación cultural coa dita entidade para o desenvolvemento de actuacións nas diferentes parroquias do Concello de Toén, coa concesión dunha subvención polo importe máximo de 2.400 €.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 02/07/2015 (BOP nº 168, do 23/07/2015), ACORDA:

PRIMEIRO-. Concederlle á AGRUPACIÓN CULTURAL BREOGÁN unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 1.200,00 €, conforme ao previsto na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2019, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do funcionamento e actividades da entidade beneficiaria durante o ano 2019 (inclúense gastos de desprazamento; manutención; vestiario; equipamento musical, e outros necesarios para o

desenvolvemento das actividades propias da entidade beneficiaria). Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 16/12/2019 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)